




O teu bando

A cova das vacas mortas · Jaureguizar · Xerais. 2006 · 129 páx. · 9,40 euros

O escenario que compón *A cova das vacas mortas* ocúpalo un mozo (Xoel) de 16 anos que vive coa súa nai alemá (Birke) nunha comuna hippie en Foxo. Un día envíanlles para que viva con eles o seu suposto avó (Heinrich) dende Berlín, que sofre de alzheimer.

O eixe principal da historia xira ó redor da relación que se vai establecendo, pouco a pouco, entre o neto e o seu avó. Primeiro polos coidados que o rapaz ten con el, por mor da súa enfermidade (a nai, drogodependente, non podía facerse cargo), pero axiña xorde unha relación afectiva grazas ás historias que Heinrich lle vai contando a Xoel sobre o seu pasado e sobre a súa relación coa famosa cineasta Leni Riefenstahl.

Resulta especialmente atractiva e interesante a mestura de personaxes reais (Leni Riefenstahl foi unha das cineastas máis importantes da preguerra, e autora de filmes como *Olimpia*, documental sobre os Xogos Olímpicos de Berlín 1936, ou *O triunfo do destino* en 1933) cos ficticios de Xoel e o seu avó.

Heinrich cando chega a Foxo leva entre as súas pertenzas dúas maletas que conteñen parte dos rolos orixinais dos filmes da súa amiga Leni. E estes, xunto co seu dono, unha noite sorpresivamente desaparecen. Ata este momento o libro crea unha grande expectación no lector e tamén unha serie de dúbidas que van aumentando progresivamente. Pero a partir da desaparición do avó o argumento vai decaíndo, comezan a quedar demasiados cabos soltos e chégase a un final apresurado e mal resolto. Esa mesma sensación de ler as *Cartas de inverno* ou o *Aire negro* de Agustín Fernández Paz.

Entre eses cabos soltos (mal soltos) está o de se Birke é realmente filla de Heinrich: ela afirma que si o é, pero Heinrich, que é un home enfermo de alzheimer, enfermidade que comeza por desfacer os recordos máis novos e que en troques permite lembrar con gran claridade os pasados, asegura que a súa filla morreu a mans dos rusos cando estes entraron en Berlín. Heinrich atópase atrapado nas películas que axudou a filmar a Leni Riefenstahl, e o cariño que lle mostra Xoel non lle é suficiente para quedar con eles, co que acaba refuxiándose no seu pasado nazi-alemán.

Porque o nazismo é un dos grandes temas da novela. Leni Riefenstahl foi acusada de simpatizar coa ideoloxía nazi, e aínda que ela e outros repetiron insistentemente que só filmaba o que vía, que só facía o seu traballo, que a súa relación co nazismo era que lle pagaban, e que nunca fora simpatizante de Hitler, quedan normais dúbidas históricas. Con todo, na *Cova das vacas mortas* realízase unha pequena defensa dela, e retrátana como a unha heroína. E esas dúbidas sobre a historia increméntanse ao final coa revelación de que en Guipfelwolfe, nas montañas deshabitadas de Foxo, existía unha pequena aldea onde só vivían alemáns refuxiados da persecución polos seus ideais fascistas e os seus crimes contra a humanidade.

Iria (a moza de Xoel) decide irlle co conto á policía, o que pon o lector rapidamente na posición contraria, á defensiva. Dalgunha maneira o lector séntese manipulado por esa mágoa que lle dan os perseguidos: que aínda hoxe haxa altos cargos nazis sen procesar polos seus crimes e que leven unha vida normal sen remorsos, prodúceme un rexeitamento visceral. E á fin e ó cabo non tomar posición é dalgunha maneira tomar posición.

// Amaya Montes

A partir da desaparición do avó o argumento vai decaíndo, comezan a quedar demasiados cabos soltos e chégase a un final apresurado e mal resolto.